



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

José Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza da secretario-interventor de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: DECRETO DE CONTRATACIÓN DE TRABALLADORA SOCIAL COMO CONSECUENCIA DA ACEPTACIÓN DO CHAMAMENTO REALIZADO Ó ABEIRO DA BOLSA DE EMPREGO DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONFORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR UNHA PRAZA TRABALLADORA SOCIAL DO CONCELLO DA BAÑA.

Expte. TEDEC: 2023/X999/000090 (Emprego).

Expte. TEDEC: 2023/G003/000805 (Bolsa).

Expte. TEDEC: 2024/G003/000131 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que mediante sesión ordinaria da Xunta de Goberno local de data 25 de agosto de 2023 se aprobaron as bases e convocatoria do proceso selectivo para a conformación dunha bolsa de emprego para cubrir unha praza de Traballadora Social do Concello da Baña (A Coruña).

Visto que ditas bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal da transparencia deste Concello así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 7 de setembro de 2023 (BOP núm. 171), iniciándose un prazo de dez días naturais para a inscrición de solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

Visto que mediante resolución de Alcaldía, con número de Decreto 694/2023, de 26 de decembro de 2023, aprobouse a bolsa de emprego para cubrir unha Traballadora Social do Concello da Baña (A Coruña) segundo a orde de puntuacións obtidas polas persoas aspirantes, que é a que a continuación se transcribe:

Nº ORDEN	Solicitante	Rexistros de entrada	Puntuación Final
1	C.S.D DNI ****517**	202399900000751	17,42

2	R.C.C DNI ****162**	202390000000636	13,17
3	L.S.S. DNI ****357**	202390000000651	13,02
4	D.R.R DNI ****081**	202399900000702	12,67
5	O.C.G. DNI ****197**	202399900000717	11,87
6	L.L.L. DNI ****384**	202399900000715	11,87
7	A.P.P. DNI ****470**	202399900000746	11,83
8	A.E.B. DNI ****456**	202399900000743	10,72
9	L.F.S. DNI ****847**	202399900000704	10,45

Visto que dita resolución pola que se aproba a referida bolsa de emprego foi publicada no Taboleiro de Anuncios do concello e na páxina web municipal e no portal de transparencia do Concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal):

https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/

Visto que mediante resolución de Alcaldía de 26/12/2023, con número de Decreto 694/2023 declarouse a necesidade de cubrir interinamente a praza de Traballadora Social do Concello da Baña por ausencia da súa titular e, propor a dona R.C.C., con DNI ****162** como segunda candidata, logo de constar a renuncia da primeira candidata anterior.

Visto que se detecta a necesidade de solicitar unha subvención á Deputación Provincial da Coruña POS+ADICIONAL 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024, que se financiará con cargo a unha achega provincial extraordinaria que se consignará no Orzamento provincial 2024, e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 227 de 28/11/2023.

Visto que solicitouse no POS+ADICIONAL 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024 da Deputación Provincial da Coruña, un reforzo-ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.

Visto que mediante providencia de Alcaldía de 23/02/2024, declarouse de urxencia a necesidade de cubrir interinamente unha praza de Traballadora Social do Concello da Baña por situacións ocasionais e previsibles e de duración reducida e delimitada (Artigo 15.2 do E.T) e se ordena por parte desta Alcaldía a realización dos oportunos chamamentos ás persoas integrantes da referida bolsa de emprego temporal.

Visto que con data 23/02/2024, consta informe dos chamamentos realizados, indicando que, logo da renuncia expresa das dúas primeiras persoas integrante da lista de emprego temporal, dona L.S.S. con DNI ****357**, número 3 da lista, manifesta que acepta incorporarse á praza de Traballadora Social, como persoal laboral temporal. Desta forma, danse por concluídos os chamamentos, sendo proposta para a praza de Traballadora Social do Concello da Baña, como persoal laboral temporal, dona L.S.S., con DNI ****357**, en aplicación do artigo 15.2 do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Visto que a base novena das bases reguladoras do actual proceso selectivo determinan que concluído o mesmo e aportados os documentos a que se refire a base oitava, o Sr. Alcalde, de acordo coa proposta do Tribunal Cualificador, procederá a formalizar o contrato laboral temporal por circunstancias da produción, cun período de proba de 15 días, iniciando a prestación laboral o 28/02/2024 previa formalización do contrato.

Visto que en data 26/02/2024, dona L.S.S., con DNI ****357**, asina documento, mediante o que manifesta expresamente a aceptación da oferta de emprego obxecto do chamamento realizado e achega toda a documentación requirida.

Visto que as condicións do contrato de traballo recollidas nas bases da convocatoria e que son as que se recollen resumidas a continuación con carácter de mensuralidade para cada un dos traballadores:

- Categoría profesional: Traballadora Social
- Grupo de cotización: 2 (Co. Oficinas e Despachos da Coruña, mentres non se conte cun convenio laboral propio do concello da Baña)
- Custe salarial bruto (salario base+p.p.p extras): 1.855,23 euros/mes
- Seguridade Social Concello: 618,25 euros/mes
- Custe salarial mensual total: 2.473,58 euros/mes
- Modalidade de contrato: Modalidade de contrato temporal (art. 15.2ET) xornada completa
- Duración do contrato: 1 Mes

Visto que o inicio do contrato de traballo se programa para o vindeiro 28 de febreiro de 2024.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro.- Formalizar o contrato laboral temporal por circunstancias da produción, en virtude do disposto no apartado terceiro do artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (artigo 15.2); cun período de proba de 15 días, iniciando a prestación laboral o mércores 28 de febreiro de 2024 en favor de dona L.S.S., con DNI ****357**.

Segundo.- Establecer unas retribucións íntegras mensuais en base ós seguintes datos:

- Retribucións mensuais brutas: 1.590,20 euros brutos mensuais.
- Pagas extraordinarias: 2 ó ano.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Cuarto.- Dar traslado desta resolución á Secretaría – Intervención e ao Departamento de Persoal e Contabilidade.

Quinto.- Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación Municipal.

Sexto.- Publicar este decreto no taboleiro de edictos e na páxina web municipal.

Sétima.- Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela pode interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderán interpor contra esta resolución recurso contencioso – administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Mándao e asíno o señor alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario- interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.